

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

4 de decembro de 2025

Duración:

Desde as 20:49 ata as 21:50

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria accidental:

María Josefa Martínez Barros

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
[REDACTED]	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	NON
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VALENTÍN TORRADO BLANCO (informático)	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE NOVEMBRO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 7314/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A OPOSICIÓN DESTE CONCELLO AO ANTEPROXECTO DO DECRETO PARA MODIFICAR O DECRETO 119/2025, DE 6 DE MAIO, POLO QUE SE CREA O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL, ASÍ COMO SOLICITAR QUE O CONCELLO DA ESTRADA SEGA DEPENDENDO DO IMELGA SANTIAGO.



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a Moción presentada con data 18 de novembro de 2025 (registro de entrada 2025-E-RCIO-3) polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, pola que propón a oposición ao anteproxecto do Decreto para modificar o Decreto n.º 119/2025, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“A Dirección Xeral de Xustiza está a manexar un anteproxecto de Decreto para modificar o Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia. Nese documento, prevese que A Estrada, Forcarei, Silleda, Lalín, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada e Dozón pasen a depender da Subdelegación Territorial do IMELGA en Pontevedra, no canto de depender do IMELGA de Santiago de Compostela.

Esta modificación é unha mala nova para os veciños e veciñas do Concello da Estrada, que pasarían a desprazarse á Cidade de Pontevedra para realizar as súas xestións co IMELGA, cos prexuízos que se detallan na táboa seguinte.

Municipio	Poboación		A Pontevedra		A Compostela
Distancia	Tempo		Distancia	Tempo	
Agolada	2.285	84,1/122	1h25m/1h23m	50,9/64,6	37m/57m
Dozón	974	80,8/123	1h19m/1h19m	66,9/66,9	45m/1h03m
Estrada, A	20.133	43,1/49,1	52m/50m	26,5	27m
Forcarei	3.144	43,1	47m	48	46m
Lalín	20.250	68,6/86,9	1h11m/1h21m	51,2/51,4	37m/53m
Rodeiro	2.276	84,2/106	1h25m/1h34m	70,8/67,9	52m/1h08m
Vila de Cruces	5.031	74,9/107	1h16m/1h12m	50,9/54,2	37m/47m
Silleda	8.880	61,6/73,6	1h06m/1h13m	39,7/38,5	29m/47m

Como se pode observar, incrementáanse os tempos de desprazamento e os quilómetros recorridos para todos os concellos, (+28 quilómetros de media) e o tempo de viaxe (+27 minutos de media), coas molestias, riscos para a seguridade viaria, incremento de custo de desprazamento e outros inconvenientes para os nosos veciños e veciñas.

Estas molestias prodúcense ademais nun ámbito sensible como é o do IMELGA, que trata cuestións importantes como a asistencia forense aos órganos xudiciais de garda (levantamentos de cadáver), asistencia aos detidos... e no ámbito máis persoal dos veciños e veciñas (autopsias, recollida de efectos persoais de falecidos, pericias viogen e agresión sexual, equipos psicosociais, valoracións para capacidade/incapacidade...).





O Grupo Municipal Socialista comprende que o servizo prestado polo IMELGA Santiago é mellorable, ao estar saturados case todos os profesionais que traballan nel. Esta solución non garante que o Servizo de Pontevedra vaia a ser mellor, xa que se incrementa o número de cidadáns que pasarían a esa Subdirección (+63.000), e os órganos xudiciais que deben atender.

Non se prevé no anteproxecto a cobertura dese incremento con máis persoal, polo que no mellor dos casos, os veciños e veciñas do Concello da Estrada seguiremos na mesma situación de atención precaria e tardía, pero facendo máis quilómetros.

Outro sector afectado é o dos servizos funerarios, que deberá trasladarse a Pontevedra co incremento de custos que iso terá para esas empresas e os seus clientes.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes

Acordos

1.- A oposición do Pleno do Concello da Estrada ao anteproxecto de Decreto para modificar o Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia.

2.- Solicitar que se manteña aos Concellos de A Estrada, Forcarei, Silleda, Lalín, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada e Dozón dependendo do IMELGA Santiago.

3.- A dotación de máis profesionais nas distintas Delegacións e Subdelegacións do IMELGA a fin de paliar os tempos de espera que padecen os veciños e veciñas neste momento.

4.- Darlle traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes."

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 26 de novembro de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Resolución:

Primeiro.- A oposición do Pleno do Concello da Estrada ao anteproxecto de Decreto para modificar o Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Segundo.- Solicitar que se manteña aos Concellos de A Estrada, Forcarei, Silleda, Lalín,





Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada e Dozón dependendo do IMELGA Santiago.

Terceiro.- A dotación de máis profesionais nas distintas Delegacións e Subdelegacións do IMELGA a fin de paliar os tempos de espera que padecen os veciños e veciñas neste momento.

Cuarto.- Darlle traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 3 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de novembro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1689 ao número 2025-1882 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros





de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2025/12/05/pleno-concello-de-a-estrada-4-de-diciembre-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

38BBB8B7D2DE1675D595B9631EE71C713CE3E6E4B8672604C55D771CE48C8445

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 4L2365SWYPJFL3CF47PXNKYNY
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

